

## XUNTA DE COORDINACIÓN DO VALEDOR DO POBO CELEBRADA O 5 DE MARZO DE 2018

DATA: 5 de marzo de 2018  
HORA DE COMEZO: 09.30 h  
HORA DE REMATE: 10.00 h

### ASISTENTES:

Dona Milagros María Otero Parga (valedora do pobo)  
Don Fernando Luis de Andrés Alonso (secretario xeral)  
Dona María Beatriz González Moreno (coordinadora xeral)  
Dona María Puy Fraga (xefa de servizo I)  
Don Santiago González Serrano (xefe de servizo II)  
Don José Ramón Cólera Leirado (responsable técnico)  
Dona Nuria Palmero Sande (responsable técnico)  
Dona Cristina Fernández San Silvestre (responsable técnico)

### Orde do día:

- 1.- Estado das queixas e outros temas
- 2.- Carta de Servizos do Valedor do Pobo
- 3.- Rogos e preguntas

### Deliberacións

#### 1- Estado das queixas e outros temas

A valedora informa dos actos aos que asistiu a semana pasada.

Tamén informa de que falou coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre a queixa dos pais dun neno con problemas médicos co fin de interesar unha solución á situación.

Informa de que hoxe fará unha entrevista radiofónica e acudirá diversos actos.

O mércores acode a Bruselas a un acto do International Ombudsman Institute, sección europea.

O secretario xeral comenta que realizou a proposta de resposta á reclamación ao Comisionado de Transparencia do Concello de Pontearreas.

A coordinadora xeral informa de que o informe ordinario está practicamente acabado.

O Xefe de Servizo II anuncia que se realizarán dous cursos de primeiros auxilios para que asista todo o persoal.

## 2- Carta de servizos do Valedor do Pobo


D. José Ramón Cólera expón que a Carta de Servizos podería matizarse en canto á mención ao novo Regulamento do Valedor, revisado recentemente, e en canto aos recursos de inconstitucionalidade e amparo, para clarificar as nosas funcións. Se asente por todos.

Non se apuntan máis comentarios.

## 3- Rogos e preguntas


Non hai rogos e preguntas.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión. Redacto esta acta como secretario da Xunta de Coordinación.



O secretario xeral  
Fernando de Andrés Alonso

V. e Pr.



Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo